



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018]

1. CONFERENCIA: “OS PROCESOS CON XURADO E A SÚA PROBLEMÁTICA PRÁCTICA” (22.10.2018)

O Colexio de Avogados ofrecerá de forma **telemática** dende o salón de actos esta conferencia programada polo CXAE dentro do seu plan de formación “Conferencias dos luns”.

Día: luns, 22 de outubro

Hora: 16:15 a 19.30 h

Lugar: salón de actos (retransmisión telemática dende a sede do CXAE)

Custo: gratuíto

Inscripción: libre ata completar a capacidade do salón

Programa:

16.15 h Presentación da sesión

16.30 h

As peculiaridades do proceso con xurado e as cautelas do avogado como acusador ou defensor: unha visión básica

Relator: D. Sergio Herrero Álvarez. Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Xixón. Conselleiro do Consello Xeral da Avogacía Española

17.30 h Coloquio

18.00 h

As diferenzas probatorias, o obxecto do veredicto e a presunción de inocencia no proceso con xurado: unha visión avanzada

Relator: D. Luciano Varela Castro. Maxistrado do Tribunal Supremo

19.00 h Coloquio

19.30 h Fin da sesión

2. CLASES DE INGLÉS: GRUPOS, DÍAS E HORARIOS

Informámosvos de que o vindeiro 17 de outubro comezarán as clases de inglés para os colexiados e colexiadas inscritas. Finalmente estableceranse en dous grupos con clases os mércores (grupo A) e os xoves (grupo B) no horario habitual, de 20.30 a 22.00 h.

Proximamente o profesorado asignado porase en contacto cos colexiados/as inscritos/as para asignar o grupo e nivel que corresponda.

Lembramos que as clases terán un custo de 20 euros por mensualidade (en outubro só se cargará medio mes).



3. CURSO BÁSICO “PERITAXE INFORMÁTICO E TELEMÁTICO ESPECIALIZADO EN VIOLENCIA DE XÉNERO DIXITAL”

A Asociación Stop! Violencia de Género Digital organiza este curso dirixido a profesionais da avogacía e doutras actividades que teñan como obxecto a detección, prevención e intervención en casos de violencia de xénero dixital.

Día: mércores, 17 de outubro

Horario: de 9.00 a 20.00 h

Lugar: IFFE Business School (Campus IFFE, N-VI, Km 586, 15176 San Pedro de Nós, Oleiros, A Coruña)

Modalidades e duración: fase presencial (10 h) e fase a distancia (100 h); existe opción de realizar integramente o curso por videoconferencia

Custo: 150 € (aplicarase un 20 % de desconto para colexiados/as do ICA de Santiago)

Máis información e inscrición: <https://stopviolenciadegenerodigital.com/>